

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 11 DE XANEIRO DO 2024.

ASISTENTES:

<p>Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO</p> <p>Membros que asisten: SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS</p>	<p>Interventor: GONZALEZ MARIÑO JORGE</p> <p>Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p>Membros que non asisten: MARIÑO DE BRICIO VICENTE</p>
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Once de Xaneiro do Dous mil vinte e catro, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 14 de xullo de 2023, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 04/01/2024

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202312/401 (M.S.)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 26/12/2023. DECRETO: "Aprobación da OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO correspondente ao exercicio 2023. Expediente 2023 OEP000001"

3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202312/481 (Int.)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 29/12/2023. DECRETO: "Adxudicación a ABANCA como entidade colaboradora



que participará na entrega e distribución das axudas económicas que se farán efectivas a través do programa de “Bonos QR AMARIBEIRA 2023”

4.- VAO PERMANENTE – Francisco Dios Santamaría

Visto o escrito presentado por **Francisco Dios Santamaría**, de data 11/12/2023 (Registro de entrada nº 28.482), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Lugar de Touro, nº 57 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 31/12/2023 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Francisco Dios Santamaría**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (4,00 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Lugar de Touro, nº 57 (Ribeira), con reforzo de pintado de liña amarela, según o sinalado no citado informe policial.
 - b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

5.- VAO PERMANENTE – Juan Sieira Sampedro

Visto o escrito presentado por **Juan Sieira Sampedro**, de data 08/01/2024 (Registro de entrada nº 494), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Castelao, nº 33 (Aguíño).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 08/01/2024 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Juan Sieira Sampedro**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Castelao, nº 33 (Aguíño), con reforzo de pintado de liña amarela, según o sinalado no citado informe policial.
 - b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*



6.- VAO PERMANENTE – Ana Fernández Ramos

Visto o escrito presentado por **Ana Fernández Ramos**, de data 05/01/2024 (Registro de entrada nº 410), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa 2 Cubeliño, nº 9-Baixo (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 09/01/2024 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Ana Fernández Ramos**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa 2 Cubeliño, nº 9-Baixo (Ribeira), con reforzo de pintado de liña amarela, según o sinalado no citado informe policial.
 - b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facelle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

7.- SOLICITUDE PINTADO LIÑA AMARELA EN VAO PERMANENTE – M. Isabel Rodríguez Ramos

Visto o informe emitido pola Policía Local, de data 09/01/2024, no que solicita o pintado de liña amarela enfronte de vao permanente situado en Rúa Revaleiras, nº 21 (Palmeira), do que é titular M. Isabel Rodríguez Ramos, por mor a que os vehículos que estacionan enfronte ao seu garaxe dificultan en gran medida a saída/entrada ao mesmo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar o pintado de liña amarela enfronte de vao permanente situado en Rúa Revaleiras, nº 21 (Palmeira), do que é titular M. Isabel Rodríguez Ramos, para facilitar a saída/entrada ao seu garaxe.

8.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN DE USO TEMPORAL DO SALÓN DE ACTOS DO AUDITORIO MUNICIPAL DE RIBEIRA - Francisco Agustín Sieira González

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro, de data 08/01/2024, relativa á cesión de uso temporal do Salón de Actos do Auditorio municipal de Ribeira, a petición de Francisco Agustín Sieira González, e na que expón:

“1.- Con data 08/01/2024 recíbese no rexistro municipal con número 2024556 a solicitude presentada por D. Francisco Agustín Sieira González, artista local e creador da compañía de danza Fran Sieira, interesando dispor do Auditorio Municipal de Ribeira para a realización dunha residencia artística da súa compañía, do 15 ao 26 de xaneiro en horario de 9 a 15 horas, así como que o Concello se faga cargo das dietas dos membros da compañía. A solicitude tamén indica que en contraprestación se realizará un pase do espectáculo que se vai a ensaiar no auditorio municipal o último día de dita autorización ou nunha data posterior a acordar entre ambas partes, convidando a un público de interese para o Concello.”



2.- Tendo en conta que o artigo 125 do regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, aprobada por Decreto 50/1989, de 9 de marzo, permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e podendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha.

3.- A lexislación outorga aos municipios facultades e competencias no eido da promoción cultural. E polo tanto, é de interese desta concellería así como do Concello de Ribeira promover actividades como as “residencias artísticas” en todas as disciplinas e formatos (agrupacións de teatro, danza ou música) e máis neste caso sendo un artista local o solicitante, pois involucran ao tecido creativo na sociedade máis próxima, xerando vínculos e creando sinerxias positivas entre o colectivo dos artistas, o tecido local e a administración pública sendo a cidadanía a principal beneficiaria destas colaboracións”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar o uso temporal, e en precario, do Salón de Actos do Auditorio Municipal de Ribeira, para a realización dunha residencia artística consistente en ensaios da compañía de danza Fran Sieira, do 15 ao 26 de xaneiro de 2024 (ambos inclusive) en horario de 9:00 a 15:00 horas.
- Autorizar que o Concello de Ribeira se faga cargo do pago correspondente ás dietas dos membros da compañía durante o período indicado no punto anterior. En contraprestación a compañía realizará un pase do espectáculo no auditorio municipal o último día de dita autorización ou nunha data posterior a acordar entre ambas partes, convidando a un público de interese para o Concello.
- Dar trasladado ao solicitante das condicións de uso das instalacións, que estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos:
 - o A entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación.
 - o Comprométese o solicitante a deixar o local nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puideran orixinarse, así como a respectar o aforo da sala, non superando a asistencia do número total de butacas (279).
 - o En ningún caso poderá destinarse a instalación a fins distintos do autorizado.
 - o Na difusión e/ou posible publicidade desta residencia artística ou do posterior espectáculo deberá inserirse o logo identificativo do Concello de Ribeira que lle faremos chegar ao correo electrónico indicado na solicitude. Poderá remitir esta publicidade, cartelería dixital ao enderezo culturaefestexos@ribeira.gal.

9.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Alberto Barral Agraso (D´VICIO)

VISTO o escrito presentado por **Alberto Barral Agraso**, en representación do establecemento “Pizzería D´vicio”, de data 03/01/2024 (Rexistro de entrada nº 203), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Pizzería D´vicio” (Ribeira), o día 12/01/2024, en horario de 22:00 h. a 24:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a Alberto Barral Agraso, para evento musical no interior do establecemento hostaleiro “Pizzería D’vicio” (Ribeira), o día 12/01/2024, nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

“(…)”

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Pizzería D’vicio” (Ribeira) (Alberto Barral Agraso), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”



- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80012D86900P2T6V3X4M6Z7 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p>LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 15/01/2024 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 15/01/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/01/2024 11:15:01</p>	<p>DOCUMENTO: 20241235049 Fecha: 15/01/2024 Hora: 11:14</p>
---	--	---



reposición da legalidade urbanística.

10.- SOLICITUDE RETIRADA SINALIZACIÓN DE ESTACIONAMENTO EXPRESS EN RÚA MÉNDEZ NÚÑEZ (RIBEIRA) – Francisco Javier Ordóñez Vicente

Visto o escrito presentado por **Francisco Javier Ordóñez Vicente**, de data 17/10/2023 (Rexistro de entrada nº 24.189), no que solicita a retirada da sinalización de estacionamento express na Rúa Méndez Núñez (Ribeira), por mor a que os vehículicos alí estacionados obstaculizan a manobra de acceso ao garaxe, así como tamén solicita a instalación de bolardos a distancia suficiente como para garantir esta manobra de acceso/saída ao garaxe.

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Policía local, de data 09/01/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a retirada sinalización vertical de estacionamento express na Rúa Méndez Núñez (Ribeira), segundo o contido do citado informe policial.

11.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN ANDAINA SOLIDARIA – Colegio Galaxia

Visto o escrito presentado por María Eugenia Garrido Iglesias en representación do **Colegio Galaxia**, de data 30/10/2023 (Rexistro de entrada nº 25.198), no que solicita autorización para a celebración dunha andaina solidaria (I Andaina Solidaria “Un raio de luz”) a favor da Asociación Art for Dent, o día 17/03/2024, partindo da Praza do Concello, Pedra da Rá ata o Monte da Cidade e volta á Praza do Concello (10:00 h. – 13:30 h.).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** (*Sen prexuízo de autorizacións doutras administracións ou organismos competentes*) a celebración dunha andaina solidaria (I Andaina Solidaria “Un raio de luz”) a favor da Asociación Art for Dent, o día 17/03/2024, partindo da Praza do Concello, Pedra da Rá ata o Monte da Cidade e volta á Praza do Concello (10:00 h. – 13:30 h. aproximadamente).
- Comunicar aos organizadores do evento que as condicións de usos e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, os organizadores da actividade deberá subscribir unha póliza de seguro tanto para cubrir a responsabilidade civil como os posibles accidentes de espectadores e participantes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso das instalacións ou bens públicos.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

12.- SOLICITUDE INSTALACIÓN PANEIS INFORMATIVOS – Asociación Galega da Enfermidade de Dent

Visto o escrito presentado por María del mar Castela Fraga en representación da **Asociación Galega da Enfermidade de Dent**, de data 01/11/2023 (Rexistro de entrada nº 25.313), no que solicita autorización para a instalación de tres paneis informativos



(250x200x200 cms) do proxecto artístico e solidario de Art for Dent (Asociación Galega da Enfermidade de Dent), na Praza do Concello do 9 ao 23 de marzo de 2024, para dar visibilidade á asociación e ao seu proxecto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Autorizar** a instalación de tres paneis informativos (250x200x200 cms) do proxecto artístico e solidario de Art for Dent (Asociación Galega da Enfermidade de Dent), **na Avenida do Malecón ou na Praza da Porta do Sol**, do 9 ao 23 de marzo de 2024, para dar visibilidade á asociación e ao seu proxecto.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

13.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Domingo Santos Rodríguez (CANTINA NÁUTICO)

VISTO o escrito presentado por **Domingo Santos Rodríguez**, en representación do establecemento “Cantina Náutico”, de data 10/01/2024 (Rexistro de entrada nº 757), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Cantina Náutico” (Ribeira), o día 13/01/2024, en horario de 22:00 h. a 00:30 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

PRIMEIRO.- Conceder autorización (**Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións**) a **Domingo Santos Rodríguez**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Cantina Náutico” (Ribeira), o día 13/01/2024, en horario de 22:00 h. **a 00:00 h.**, **nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”**, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)”

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.



ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

(...)"

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de "Cantina Náutico" (Ribeira) (**Domingo Santos Rodríguez**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: "O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable."*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: "1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)"*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: "Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal."*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: "Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable."*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.



QUINTO- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervenir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

